



## 3ª Convocatoria de Proxectos A Industriosa.

En sintonía cos obxectivos principais da “Asociación tecnolóxica A Industriosa” (impulsar proxectos innovadores cunha forte compoñente tecnolóxica; fomentar o crecemento dunha comunidade activa e vibrante de persoas motivadas e altamente cualificadas; axudar ó desenvolvemento de proxectos relacionados coa tecnoloxía; e favorecer a oportunidade de crear, compartir e medrar aos membros da Comunidade) **ábrese a 3ª Convocatoria de Proxectos de A Industriosa.**

Con ela, ademáis de fomentar a investigación, creatividade e a colaboración entre entusiastas das novas tecnoloxías e xente que lle gusta realizar proxectos polo simple feito de aprender algo novo, preténdese incentivar e destinar fondos propios ó desenvolvemento de ideas ou proxectos do interese da Comunidade que conforma A Industriosa.

Para esta convocatoria, a Asociación destinará unha partida económica cunha contía de 3.000 € para a adquisición de materiais ou dispositivos necesarios para desenvolver os proxectos seleccionados.

A Convocatoria rexerese polas presentes **bases**:

### 1. PROXECTOS

Os proxectos deberán ser de índole tecnolóxica e han de ser **Open Source e Open Hardware.**

Os equipos deberán estar formados por un mínimo de 3 persoas, onde pode haber 1 non socio, ou 2 non socios se son menores de idade.

Un mesmo socio pode presentar varios proxectos e/ou ser parte de todos os equipos que desexe.

A contía económica máxima que **A Industriosa aportará a cada equipo será de 500 €**, pero o proxecto pode ter un orzamento superior se conta cun plan realista para acadar o resto do montante necesario para a súa execución (patrocinador, aportación individual, etc.)

## 2. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

O prazo de presentación de proxectos finalizará o **12 de novembro de 2024**<sup>1</sup>.

As solicitudes deberanse enviar por correo electrónico antes desa data á seguinte dirección, [info@aindustriosa.org](mailto:info@aindustriosa.org). Cada proxecto terá que aportar a seguinte información seguindo o ANEXO I:

1. Nome do proxecto
2. Breve descrición do proxecto (qué, cómo e para qué)
3. Documentación gráfica que axude á comprensión (bocetos, fotografías, vídeos...)
4. Equipo que conforma o proxecto ou o que se precisaría para levalo a cabo
5. Plan estratéxico orientativo (prazos e pasos)
6. Orzamento (en qué se invirte o aporte da Industriosa, de onde sae a cantidade extra...)
7. Propiedade do resultado final (equipo, Asociación, libre...)

Esta documentación facilitarase posteriormente ós socios antes da votación para ter coñecemento sobre os proxectos que poden votar. (ver punto 3).

## 3. PROCESO SELECTIVO

O proceso de selección comezará mediante a **celebración no local** da Asociación dun **acto de presentación dos proxectos** participantes no que cada un dos interesados disporá de **10 minutos para expoñer** e defender a súa idea. Para facilitar a comprensión do proxecto, os equipos poderán axudarse de diapositivas, imaxes, vídeos, ou calquera elemento que consideren.

A data para a celebración do acto de presentación será o día **14 de decembro de 2024**, na que tamen se presentarán os proxectos realizados durante a 2º convocatoria no ano 2024.

A partir da celebración do acto de presentación, abrirase un período de **votación online** de 2 semanas que rematará o **31 de decembro de 2024**, no que poderán participar as socias e socios que así o desexen. Os factores ós que debe atender este voto son:

1. A aliñación da finalidade do proxecto cos intereses da Asociación e os seus socios.
2. A multidisciplinaridade dos participantes.
4. O nivel de innovación ou investigación.

---

<sup>1</sup> Para facilitar a creación de grupos de traballo e o intercambio de ideas, farase unha xuntanza (opcional) na que calquera poderá expoñer de forma breve a súa idea ou ideas e necesidades, e deste xeito conseguir novos membros para o equipo ou solucións para o proxecto. Dita reunión celebrarase o **30 de novembro de 2024 no local da asociación**.

5. A xeración de documentación que se poida empregar por outros (por exemplo que se propoña o uso de Wikis ou blogs onde contar a evolución do proxecto).
6. A súa viabilidade económica e de execución dentro do prazo esixido (10 meses).
7. A utilidade ou repercusión do proxecto na Comunidade.

Cada socio poderá votar a tantos proxectos como crea convinte. As puntuacións irán de 1 a 3, sendo 3 máis alta e 1 a máis baixa. Para que un proxecto se considere de interese para os socios e, polo tanto pase a formar parte dos seleccionados, deberá acadar unha puntuación mínima de 15.

## 4. DECISIÓN

A partida orzamentaria repartirase entre os proxectos seleccionados por orde decrecente da puntuación acada na votación, e tendo en conta o orzamento adxunto a cada proxecto, ata esgotar o total da contía.

Os equipos serán os encargados de facilitar á directiva o listado dos materiais, xunto coas características, requisitos, empresa distribuidora ou aquilo que facilite a identificación correcta do que se precisa, para que ésta faga a adquisición en nome da Asociación.

En caso de empate haberá unha segunda volta entre os equipos afectados.

A xunta directiva resérvase o dereito de declarar o premio deserto.

## 5. COMPROMISOS

O mero feito de participar nesta convocatoria supón, por parte dos participantes, a aceptación das presentes bases e a renuncia a calquera reclamación. Calquera dúbida sobre a interpretación das bases será consultada ó comité organizador, neste caso a xunta directiva da Asociación, e comunicada a súa resposta por escrito ós solicitantes.

Os participantes en proxectos que reciban fondos da convocatoria comprométense a:

- Realizar o proxecto antes de finalizar o ano 2025
- Xestionar os fondos e recursos de maneira responsable
- Entregar un resumo ó finalizar o proxecto, explicando e amosando o proceso, obxectivos acadados, problemas e solucións, procesos e materiais empregados, plataformas na que se compartiu a documentación xerada, etc.
- Dar unha charla na Asociación cando finalicen o proxecto

Os materiais e ferramentas sobrantes de tódolos proxectos quedarán a disposición dos socios de A Industriosa unha vez rematados os proxectos.

# ANEXO I. Folla de solicitude


**Nome do proxecto**

**Descrición do proxecto.** Breve descrición do proxecto (qué, cómo e para qué).


**Documentación gráfica.** Elementos gráficos que axuden á comprensión (bocetos, fotografías, vídeos)

**Integrantes do equipo.**


**Plan estratéxico** (prazos e pasos)

A large, empty rectangular box with a black border, intended for writing the strategic plan (deadlines and steps).

**Orzamento**

A large, empty rectangular box with a black border, intended for writing the budget.

**Propiedade do resultado final** (equipo, Asociación, libre...)

A large, empty rectangular box with a black border, intended for writing the ownership of the final result (team, association, free...).